

PROPOSTA DE APRENDIZAXE COOPERATIVA

Día Mundial do Medio Ambiente (5/ xuño)					
	Estruturas cooperativas básicas				
	Lectura compartida	Folio xiratorio	Lapis ao centro	1-2-4	Xogo de palabras
GAL/ Que conmemoramos	Texto introdutorio			Actividades 1, 2	
CAST/ Que conmemoramos	Texto introdutorio			Actividades 1, 2	
ENG/ Que conmemoramos					
GAL/ Valora o teu medio		Paso 2		Paso 1	REF.Paso 1
CAST/ Buenas prácticas ambientales		Paso 2 - REF.Paso 2 (en parellas)	Paso 1		
ENG/ Amateur Ornithologist		REF. Activity 1 (in groups of three)			

ASPECTOS BÁSICOS DA APRENDIZAXE COOPERATIVA

A maioría das actividades que se presentan neste proxecto están pensadas para desenvolver en grupo. O ideal sería facelas en equipos cooperativos xa establecidos e con roles asignados.

A continuación expóñense algúns detalles básicos sobre a aprendizaxe cooperativa, coa finalidade de que poidan servir de axuda para o profesorado non afeito a esta metodoloxía.

Séguese a proposta da Pere Pujòlas e outros, da Universidade de Vic. Pódese obter información máis detallada na súa páxina web <http://cife-ei-caac.com/es/>

Que é a aprendizaxe cooperativa?

A aprendizaxe cooperativa é unha metodoloxía didáctica inclusiva baseada na aprendizaxe construtiva a partir do traballo en equipos heteroxéneos. Procura a interacción simultánea de todos os membros, a participación equitativa e a responsabilidade e compromiso individual a prol do ben do equipo.

Un equipo cooperativo non é un grupo. O obxectivo non é facer algo entre todos e todas, senón realizar unha tarefa a partir dunha estratexia deseñada que garanta a interdependencia e que non poderá ser finalizada con éxito sen a implicación de todos os membros.

Nunha aula na que adoite empregarse a aprendizaxe cooperativa, esta pasa de ser unha mera metodoloxía a converterse nun contido curricular máis.

Como formar equipos cooperativos?

A formación de equipos cooperativos é un dos pasos máis delicados da aprendizaxe cooperativa. Normalmente é unha tarefa feita colectivamente entre o profesorado que imparte aulas nun grupo e coa implicación do titor ou titora. De non existiren equipos cooperativos xa formados, estas son algunhas das claves para a súa constitución:

- O número ideal é 4.
- Neste proxecto, a súa duración mínima sería a realización dun dos Produtos Textuais Integrados e a súa composición debería ser a mesma en todas as linguas implicadas no desenvolvemento do PTI.
- Na aprendizaxe cooperativa adoita dividirse o alumnado da aula en tres grupos: **grupo círculos**, composto polo alumnado con maior capacidade para dar axuda (non ten que cadrar co que obtén mellores resultados académicos, senón co que é quen de xerar máis ilusión e motivación, de “tirar” do equipo...); **grupo triángulos**, formado polo alumnado con máis necesidade de axuda (o alumnado menos autónomo, con dificultades académicas ou nas súas habilidades sociais, menos motivado...) e **grupo cadrados**, no que se incluíría o resto do alumnado e que debe integrar máis ou menos a metade da clase. Os equipos cooperativos deben estar formados por dúas persoas do grupo cadrados, unha do grupo círculos e outra do grupo triángulos.
- Ademais, os equipos han de reflectir tamén na súa heteroxeneidade a diversidade da aula respecto do xénero, intereses, etnia...

Por outra banda, o funcionamento dos equipos cooperativos aséntase nunha serie de roles asignados ao alumnado que garanten o seu funcionamento. Basicamente son estes:

- **Coordinador/a:** Dirixe a sesión, asegurando que se cumpren e seguen correctamente os pasos das estruturas cooperativas. Fala en nome do equipo se non hai persoa voceira.
- **Secretario/a:** Controla o ton de voz. Redacta os documentos do equipo.
- **Intendente/a:** Prepara o lugar de traballo. Distribúe e custodia o material.
- **Axudante/a:** Axuda a quen o precisar. Substitúe nas súas funcións a persoa que falte.
- **Voceira/o:** (Só para os equipos de 5) Fala en nome do equipo.

Como se traballa na aprendizaxe cooperativa?

Séguese basicamente tres chanzos de aplicación sucesiva: a cohesión do grupo, o traballo en equipo como recurso e ,finalmente, o traballo en equipo como contido a ensinar.

As propostas que se fan a continuación (recollidas no cadro de aprendizaxe cooperativa de cada PTI) correspóndense co segundo chanzo, o da utilización da aprendizaxe cooperativa como metodoloxía didáctica e recollen 5 das estruturas cooperativas básicas para a resolución de tarefas:

Lectura compartida

Unha alumna ou alumno do equipo le o primeiro parágrafo. Os demais integrantes do equipo deben estar moi atentas a esta lectura posto que a persoa que está sentada a carón de quen leu (segundo o sentido das agullas do reloxo) debe resumir ou explicar a lectura usando as súas propias palabras, sen volver ler o texto. Os outros compoñentes do equipo deben dicir se este resumo ou explicación é correcto e por que, ademais de intentar enriquecelo, matizando o expresado polo seu compañeiro ou compañeira.

Repítese o proceso co segundo parágrafo, de cuxa lectura se encarga o alumno ou alumna que fixo o resumo do primeiro e así sucesivamente até rematar a lectura do texto.

Cada equipo debe ter acceso a un dicionario en papel ou dixital para poder buscar o léxico descoñecido. Procurará a palabra ou expresión a alumna ou alumno que se encargue de facer o resumo, pero todo o equipo debe asegurarse de que se escolle a acepción correcta.

Variantes/Consellos

Esta mesma estrutura pode empregarse para unha presentación en vídeo, de diapositivas, descrições de debuxos...

Folio xiratorio

O equipo debe ter clara a tarefa: a elaboración dunha listaxe, unha redacción, un resumo...

Un alumno ou alumna comeza a escribir a súa parte nun folio "xiratorio". A continuación pásallo á compañeira ou compañeiro sentado ao seu carón para que continúe completando a tarefa e así sucesivamente até que todas as persoas compoñentes do equipo participaran na resolución da tarefa.

Antes de comezar a escribir, a persoa á que lle toca facelo debe comentar co resto do equipo o que pensa escribir e consensuar a redacción. Mentres está escribindo, os outros compoñentes do equipo deben verificar que o faga ben e corríxilo/a se o consideran necesario, posto que o "folio xiratorio" é responsabilidade colectiva.

Variantes/Consellos

Para comprobar a contribución de cada compoñente do equipo ao folio xiratorio, cada alumno/a pode empregar un bolígrafo de diferente cor co que ademais escribirá o seu nome ao inicio do exercicio.

Folio xiratorio por parellas.

O folio xiratorio por parellas evita que haxa alumnado que estea sen facer nada no desenvolvemento da actividade cando a tarefa de escrita se ralentiza. Nesta variante, cada parella do equipo inicia a resolución da tarefa no seu folio, que será completada pola outra parella. Mentres un membro da parella escribe, o outro debe estar atento á corrección formal (ortografía, puntuación...)

Lapis ao centro

Nesta estrutura, cada alumna/o do equipo debe facerse cargo dunha parte. Convén que haxa tantas como integrantes teña o equipo.

Unha alumna ou alumno le en alto a primeira tarefa que se debe responder e é quen primeiro opina sobre o mellor xeito de facelo. O resto do equipo vai dando a súa opinión ao respecto seguindo a orde das agullas do reloxo. Consensúase a resposta, que debe ser escrita por quen a leu ou ben por todos os integrantes do equipo, dependendo da natureza da actividade.

A responsabilidade da segunda tarefa recae no alumno ou alumna sentada a carón (segundo de novo a orde das agullas do reloxo) de quen leu a primeira. E así sucesivamente até rematar totalmente a actividade.

Mentres se len as actividades e se opina sobre as mesmas, os bolígrafos ou lapis deben estar no centro da mesa, indicando que nese tempo só se pode falar e escoitar, non escribir. Polo contrario, unha vez que as respostas están consensuadas e se comeza a escribir, non se pode falar, só escribir.

Variantes/Consellos

Para potenciar a participación de todo o alumnado, os equipos deben seguir unha orde estrita nas intervencións para dar a súa opinión. Se non están establecidos os cargos nos equipos, o alumno ou alumna que le a actividade é quen se encarga tamén de dirixila, dando as ordes precisas (“Lapis ao centro”; “Silencio, escribimos”) e lendo a resposta consensuada antes de escribila.

1-2-4

Nesta estrutura desenvólvese o exercicio ou a tarefa en tres fases. Na primeira, cada alumno e alumna responden individualmente; na segunda, consensúan esa resposta por parellas; na terceira, fan entre os 4 membros do equipo para lograr un único resultado final.

Variantes/Consellos

Como sempre, debe potenciarse que todo o alumnado participe en todas as fases sen que ninguén impoña o seu criterio.

En ocasións, a fase 1 consiste nunha recollida de información que debe facerse na casa.

2-4

Nesta variante, non hai traballo individual previo, comézase realizando a tarefa por parellas.

Xogo de palabras

Repártense as palabras clave do tema que se está a traballar entre os membros do equipo. Cada alumno/a debe escribir unha oración con esa palabra (ou expresar a idea que contén) que demostre a súa plena comprensión.

A oración escrita por cada alumna/o é matizada polo resto dos compoñentes do equipo, que procurarán corrixila se hai erros e sempre enriquecela e melloral a. Faise esta dinámica seguindo a orde das agullas do reloxo.

Variantes/Consellos

Para favorecer a participación e implicación do alumnado poden repartirse as palabras en función da súa dificultade, dándolle a cada alumno/a palabras accesibles ás súas capacidades.